

EXPTE. Nº 13/2015–O.A. TERRA DE SANXENXO: “ARRENDAMENTO DE LOCAL CON DESTINO A AXENCIA DE LECTURA MUNICIPAL EN VILALONGA”.

ASUNTO: ADXUDICACIÓN

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

Presentada a documentación, sinalada na cláusula 15 do prego administrativo que rexe o presente contrato, requirida ao único licitador presentado e admitido “Mirador de Ons SL”, compróbase que non cumpre co disposto nos pregos, nos seguintes termos:

- a) Compróbase que a data das certificacións referentes ao cumprimento das obrigas tributarias, esixidas para contratar, é posterior ao da finalización do prazo de presentación da súa proposición (04/12/2015). Neste senso a cláusula 15.-“REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN” de xeito literal recolle: “A data para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade esixidos para contratar coa Administración (documentación correspondente a todos os puntos, agás o 7º, en canto a formalización en escritura pública das Unións Temporais de Empresas e a presentación do CIF da Unión Temporal), será o da finalización do prazo de presentación de las proposiciones e do cumprimento nesa data dos requisitos, deberán responder os documentos e certificacións que se presenten.”””
- b) No que respecta ao cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Sanxenxo, o tesoureiro, en data 1 de febreiro de 2016, emite o informe que a continuación se transcribe:

“INFORME DE TESOURARÍA

En resposta á solicitude da presidencia, infórmase que a data 04.12.15 **MIRADOR DE ONS, S.L** adebedaba liquidacións de taxas municipais por recollida de lixo por importe de 33.79, 23.51, 440.04; 33.40, 27.03 e 33.40 euros, respectivamente pola titularidade de diversos locais.

As citadas liquidacións que foron emitidas polo ORAL por cambio de titularidade dos locais, foron pagadas en dito organismo da Deputación Provincial o 26.01.16 co recargo do 5% e por iso foi emitido o mesmo día o informe de non ter débedas achegado ó expediente de contratación. “””””

TERRA DE SANXENXO

Pazo Emilia Pardo Bazán
Travesía. Miraflores, 3

Tel.: 986 727936
36960 – Sanxenxo
Pontevedra

En base aos argumentos anteriormente expostos, e previa fiscalización favorable da Intervención Xeral de data 2 de febreiro de 2016, esta Presidencia, en uso das súas atribucións resolve:

Primeiro: Non admitir a documentación presentada por "Mirador de Ons SL", precisa para a adxudicación do contrato do "ARRENDAMENTO DE LOCAL CON DESTINO A AXENCIA DE LECTURA MUNICIPAL EN VILALONGA".

Segundo: Declarar deserta a contratación do "ARRENDAMENTO DE LOCAL CON DESTINO A AXENCIA DE LECTURA MUNICIPAL EN VILALONGA".


Terceiro: Aos efectos previstos no art. 151.4 do Real Decreto Legislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, faise constar o seguinte:

A plica presentada por "Mirador de Ons SL", foi a única presentada e admitida de acordo cos criterios previstos no prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, que de conformidade coa proposta de adxudicación de 14 de xaneiro de 2016, obrante no expediente, a Mesa de contratación lle otorga á plica 00,00 puntos, polo criterio do prezo e 20,00 puntos polo criterio dependente de xuízo de valor, obtendo unha puntuación total de 20,00 puntos.

Cuarto: Notificar esta resolución ao licitador presentado a este procedemento de contratación.

Dada en Sanxenxo a dous de febreiro de dos mil dezaseis.

O presidente




Gonzalo Gonzalo Pita

ante min, o secretario de Terra



Ángel Luis López Pita



FISCALIZADO CONFORME
DATA 2/2/16